



## José Manuel Torres Cebey proclámase Campión Galego de Caza Menor

O pasado 22 de novembro disputábase no Tecor da Sociedade de Cazadores de Coristanco o vixésimo segundo Campionato Galego de Caza Menor con can, organizado pola Federación Galega de Caza en colaboración coa Sociedade de Cazadores de Coristanco.

Participaban no campionato 22 cazadores: o campión do ano anterior mais os 21 clasificados dos seus respectivos campionatos provinciais (6 por Coruña, 5 por Lugo, 4 por Ourense e 6 por Pontevedra). Finalmente era José Manuel Torres Cebey, da provincia de A Coruña, quen se proclamaba Campión Galego ao sumar 910 puntos con dous faisáns e unha perdiz. Segundo era Roberto Miguelez Saínza, da provincia de Ourense, quen sumaba 600 puntos con 3 agachadizas capturadas. O terceiro clasificado era Horacio Blanco Pérez quen cazaba unha perdiz e polo tanto sumaba 510 puntos.

En resumo, os cinco primeiros clasificados eran os seguintes:

Pos.	Participante	Puntos
1º	José Manuel Torres Cebey (CO)	910
2º	Roberto Miguelez Saínza (OU)	600
3º	Horacio Blanco Pérez (PO)	510
4º	Jorge Castro Adán (OU)	400
5º	Julio González Souto (PO)	350

